

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS DO CURSO DE FORMACIÓN CONTINUA “Curso de Experto Universitario en Xestión Cultural”, código FH5F

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario do Padroado da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formalizou coa **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue ata o 30 de setembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular os termos nos que se desenvolverán as prácticas do alumnado do Curso de Experto Universitario en Xestión Cultural, código FH5F, edición 2017-2018 na Fundación Cidade da Cultura de Galicia, de conformidade co establecido na normativa reguladora das prácticas académicas externas da USC e no Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios (BOE do 30 de xullo de 2014).

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo empresarial constitúe unha das preocupacións da Universidade de Santiago de Compostela.

O complemento que para a formación do alumno supón o coñecemento da realidade empresarial no ámbito das ensinanzas teóricas impartidas ao alumno é un dos obxectivos que a USC considera de maior importancia.

Todas as partes consideran necesario un maior acercamento entre o ámbito empresarial e a universidade, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas de empresa, acadando ó mesmo tempo a mellor cualificación e futura adaptación ós postos de traballo demandados polas empresas.


Todo iso evidencia a necesidade dun convenio que enmarque a cooperación educativa entre os asinantes e delimite as garantías recíprocas dos alumnos e as empresas no desenvolvemento do período de prácticas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o



fundación cidade
da cultura de galicia



recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Jesús Oitavén Barcala

Secretario do Padroado

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

(asinado dixitalmente)